



Unha vez que se examinou o escrito presentado por **Dna. MARGARITA ORDUNA VELA** con data 15.05.2009 no Rexistro Xeral da UDC, (registro entrada nº5109) no que impugna as actas das sesións da Xunta da Escola de Relacións Laborais de Ferrol aprobadas por acordos do dito órgano de 23.04.2009 e 13.05.2009, dítase resolución en base aos seguintes

FEITOS

1º.- Con data de 23.04.2009 e 13.05.2009 a Xunta de Escola de Relacións Laborais de Ferrol aprobou as actas das sesións do dito órgano previamente celebradas o 31.10.2008, 06.03.2009 e 21.04.2009.

2º.- Con data 15.05.2009 Dna. Margarita Orduna Vela presenta un escrito no que solicita *“la impugnación de las actas referidas y que se arbitre un algún sistema de control de las reuniones de la Juntas de Escuela para poder seguir ejerciendo el derecho y el deber con la dignidad que nuestra institución se merece y nos otorga a todos sus miembros”*

3º.- Logo dos trámites legalmente previstos, con data 22 de xuño de 2009 réunese a Xunta da Escola de Relacións Laborais de Ferrol co fin e emitir un informe ao recurso presentado, acordando por seis votos a favor e a abstención da profesora Orduna, a ratificación das devanditas actas ao entender que *“reflejan fielmente lo acontecido en las Juntas a que se refieren”*. Con posterioridade ao dito acordo, a profesora Orduna presenta un novo escrito no que discrepa do modo de actuar da dita Xunta, entendendo inadecuada a ratificación das actas en cuestión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O recurso que se examina resulta **admisible** ao abeiro do disposto no artigo 3.3 do vixente Regulamento de Réxime Interno da Escola de Relacións Laborais de Ferrol, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de novembro de 2005, o que determina a procedencia de entrar no coñecemento das cuestións de fondo que nel se formulan.

Segundo.- A recorrente basea a súa impugnación das actas no feito de que “no recojan ... la realidade de las intervenciones e, incluso, se obvian muchas de ellas y algunas se cambian posteriormente distorsionando el contenido de los acuerdos y deliberaciones que han tenido lugar”.

Fronte a dita afirmación, a propia Xunta de Centro manifesta, por unanimidade dos asistentes e coa abstención da recorrente, que as actas en cuestión *“reflejan fielmente lo acontecido en las Juntas a que se refieren”*.

Centrado así o debate, a resolución do presente recurso esixe traer a colación o disposto no artigo 25.3 d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante LRPAC), conforme ao que é competencia do secretario dun órgano colexiado *“redactar e autorizar as actas das sesións”* as cales, conforme ao disposto no artigo 27.1 da mesma Lei deberán conter, entre outras cuestións, os puntos **principais** das



deliberacións. En consecuencia, e toda vez que a redacción dunha acta é competencia exclusiva do secretario, que a exerce baixo a súa responsabilidade, correspóndelle a este reflectir, no acto da súa redacción, os puntos principais das deliberacións, sen que nada obste a que se omita aquilo que se considera secundario ou accesorio, de xeito que será no posterior acto de aprobación destas actas cando os membros dos órganos podan amosar co seu voto a súa conformidade ou disconformidade coa acta redactada, isto é, o seu xuízo persoal acerca de se o seu contido reflicte os aspectos principais das deliberacións desenvoltas naquel acto.

Chegados a este punto non cabe máis que concluír que a coincidencia de criterio dos membros da xunta –agás a recorrente- acerca da adecuación á realidade do contido das actas impugnadas que se manifesta no informe emitido respecto do recurso, conleva necesariamente á súa desestimación.

Terceiro.- Como última cuestión abórdase o referente á petición de control do funcionamento da Xunta que efectúa a recorrente. A este respecto e co fin de deixar expostas as bases para evitar a reiteración de conflitos como o que se trae a esta sesión, resulta procedente lembrar que no noso sistema xurídico universitario existen mecanismos que permiten a todos os membros dos seus órganos colexiados -logo do cumprimento dos correspondentes requisitos- expresar a súa opinión e deixar constancia dela, tanto se trate de manifestacións durante as deliberacións, como referido ao propio acto da votación, no que calquera membro do órgano pode solicitar que conste en acta o seu voto a favor, en contra ou o motivo polo que se abstén (artigos 24 e 27 da LXPAC e 15 do Regulamento de Réxime Interno da Escola).

Ditos mecanismos, xunto á posibilidade, tamén regulada nos ditos artigos, de formular un voto particular por quen discrepe do acordo maioritario, garanten suficientemente, a xuízo deste órgano, tanto os dereitos individuais de cada membro, como a lexitimidade democrática do acordo maioritario que en conxunto adopten.

VISTOS os preceptos citados e demais de pertinente e xeral aplicación,

DESESTIMASE o recurso presentado por **Dna. MARGARITA ORDUNA VELA** con data 15.05.2009 no Rexistro Xeral da UDC, (registro entrada nº5109) no que impugna as actas das sesións da Xunta da Escola de Relacións Laborais de Ferrol aprobadas por acordos do dito órgano de 23.04.2009 e 13.05.2009

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa e de conformidade co disposto nos artigos. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro, cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.